



VIETNAM: actualización das tarifas da ECAI ADECOP para a tramitación de expedientes de adopción internacional en Vietnam

Mediante o acordo de 26 de agosto de 2011, a Secretaria Xeral de Política Social aprobou os novos importes que ADECOP está autorizada a percibir das persoas solicitantes de adopción internacional con expediente de adopción internacional remitido a Vietnam que non tiveron asignación de acordo coa normativa derrogada.

O importe total da compensación económica que poderá percibir a devandita entidade ascende a un total de **59.000.000 VND** (2.053 € segundo a taxa de cambio do 05/08/2011), segundo a seguinte distribución:

- 1. Honorarios de Rexistro Adopción por menor: 9.000.000 VND.**
- 2. Gastos adopción por menor: 50.000.000 VND.**

Ademais, a ECAI poderá cobrar as sumas acordadas nos respectivos contratos de adopción coas devanditas familias.